



# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



## Expte 900/2024 PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

O obxecto do presente contrato é a Organización e desenvolvemento das FESTAS DO NENO 2024 E O NADAL INFANTIL EN CERDEDO-COTOBADE 2024, sendo as Festas do Neno o 25 de xullo na praia fluvial de Cerdedo e o 17 de Agosto na Chan (Carballedo). O nadal infantil será nos últimos días do mes de decembro de 2024.

O Concello de Cerdedo-Cotobade precisa da contratación do servizo de ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS FESTAS DO NENO 2024 E O NADAL INFANTIL EN CERDEDO-COTOBADE 2024 dada a inexistencia de persoal adecuado para a realización destas tarefas no seu cadro de persoal.

O inicio de tódalas actividades desta contratación terá lugar ás 17 horas do día indicado e finalizarán ás 21 horas do mesmo día, ininterrompidamente, comezando a montaxe con antelación suficiente á hora de comezo e a desmontaxe a partir da hora de remate.

O procedemento aberto simplificado, configúrase como o mais axeitado para a tramitación do procedemento, permitindo negociar as distintas prestacións obxecto do contrato e acelerando a súa execución ante a proximidade das datas previstas para a súa celebración.

En base aos antecedentes anteriores,

### Dispoño:

1.Iniciar expediente para a contratación do servizo de “ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS FESTAS DO NENO 2024 E O NADAL INFANTIL EN CERDEDO-COTOBADE 2024”.

2.Ordenar que se incorpore a seguinte documentación:

- Prego de Cláusulas Administrativas.
- Prego de Prescricións Técnicas.
- Informe de Secretaría.
- Informe de Intervención.
- Apertura do procedemento de adxudicación.
- Demais documentación prevista pola Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público

Cerdedo-Cotobade  
(Asinado dixitalmente á marxe)

O Alcalde. Jorge Cubela López

P3600048G

